

Os escritores recoñecen ao Colexio de Xornalistas e á Asociación de Medios en Lingua Galega pola súa defensa do galego

PUBLICADO EN: [Noticias de Galicia](#) ► [Galicia](#) ► [Portada esquerda](#) ▼

A-

A+

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) recoñecerá co Premio AELG 2015 ‘Institucións’ o labor do Colexio de Xornalistas de Galicia e da Asociación de Medios en Galego en defensa do uso do galego nos medios de comunicación nun momento de “especial dificultade” para este idioma.

“Creo que é un clamor a necesidade de que existan medios escritos en galego e que se amplíe o espazo que este ten naqueles que non están escritos nesta lingua”, asegurou este sábado en rolda de prensa o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, tras a celebración da Asemblea Xeral Anual desta

entidade.

Segundo explicou, na súa reunión, os escritores en lingua galega tamén acordaron, conceder o seu Premio ‘Os Bos e Xenerosos 2015’ a “unha xeración que tivo un papel fundador no que pode ser o periodismo de hoxe en Galicia”. Así, os galardoados serán Tereixa Navaza, Gustavo Luca de Tena, Manuel Lombao, Margarida Lego e Xosé María García Palmeiro.

Estes premios, avanzou, serán entregados nunha gala que terá lugar o día 9 de maio en Lugo e na que tamén se recoñecerá a traxectoria de Xosé María Álvarez Cáccamo con premio ‘Escritor na súa terra-Letra E’ que cada ano concede a asociación a un autor destacado pola calidade do seu traballo.

Ademais, nesta gala o autor brasileiro Luis Ruffato será nomeado ‘Escritor Galego Universal 2015’ e a AELG recoñecerá como ‘Mestres da Memoria’ a Xosefa Arias e a Emilio do ‘Pando’, aos que Cesáreo Sánchez definiu como “dous grandes narradores orais”.

ACTIVIDADES

Por outra banda, o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega tamén deu conta dalgunhas das actividades que a entidade levará a cabo ao longo deste 2015. Así, entre elas, explicou que durante o outono a AELG celebrará os seus VI Congreso de Escritores en Pontevedra, no que se “fará balance da situación actual da literatura galega”.

Ademais, a asociación organizará ao longo distintas xornadas coas institucións coas que colabora, como o caso das tres universidades galegas e celebrará en Lugo as VIII Xornadas de Literatura de Tradición Oral.